

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) NOMEAMENTOS:

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 215/2006, do 9 de novembro, polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.*

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, no artigo 7 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve a dita lei, e no artigo 14 do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do réxime interno do Consello Escolar de Galicia, e no que se establece que se ten que proceder á renovación por metade dos conselleiros de cada un dos grupos que integran o Consello, e logo da designación dos seus representantes polas entidades enumeradas no artigo 4.1º da citada lei autonómica, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día nove de novembro de dous mil seis,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Que cesen como membros do Consello Escolar de Galicia as seguintes persoas:

1º En representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia:

##### a) Ensino público:

Consuelo Campos Acedo (Confederación Intersindical Galega).

José Raúl Gómez Farto (Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT).

Manuel Nicolás Vázquez Varela (Sindicato Independente ANPE).

##### b) Ensino privado:

Obdulia Manso Cupeiro (Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT).

2º En representación de pais de alumnos, propostos polas confederacións de asociacións de pais de alumnos en proporción á súa representatividade:

##### a) Ensino público:

Olga Patiño Doval (Confederación Galega de APAs de Centros Públicos).

##### b) Ensino privado:

María José Carreira García (Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos).

3º En representación dos alumnos, propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción á súa representatividade:

Emilio Vázquez Blanco (Federación de Asociacións de Xoves Estudantes Galegos).

Fernando Balsa Rey (Comités Abertos de Estudantes).

Yurena Cano Vidal (Comités Abertos de Estudantes).

4º En representación do persoal de administración e servizos, propostos polas centrais sindicais máis representativas:

Ángeles Villarnovo Cova (Unión Xeral de Traballadores).

5º En representación de titulares de centros privados, designados polas organizacións empresariais correspondentes máis representativas:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado).

6º En representación das centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia:

Xosé Barral Sánchez (Comisións Obreiras).

7º En representación das organizacións empresariais, proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia:

José Luis Liñares Louzao.

8º En representación de profesores, propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia legalmente recoñecidos e en atención á súa representatividade:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica).

Mercedes Espiño Amil (Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica).

9º En representación da Administración educativa, designados pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria:

José Manuel Mouriz Cabalo.

Antonio Vázquez Vázquez.

Alfonso Guitián Álvarez.

10º En representación da Administración local, propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias:

Francisco Gil Zamora.

Julio Sayáns Bugallo.

Enrique Fernández González.

María Nieves Vázquez Novo.

Evencio Ferrero Rodríguez.

11º En representación da universidade, proposto polo seu máximo órgano de goberno:

Miguel Anxo Santos Rego.

12º En representación de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostos pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria:

María Lourdes Montero Mesa.

13º En representación do Seminario de Estudos Galegos, proposto polo seu órgano de representación:

Antón Costa Rico.

14º En representación do Consello da Xuventude de Galicia, proposto polo seu órgano de representación:

José Manuel Lage Tuñas.

Artigo 2º

Noméanse membros do Consello Escolar de Galicia, nas condicións determinadas no articulado da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, as seguintes persoas:

1º En representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia:

a) Ensino público:

Consuelo Campos Acedo (Confederación Intersindical Galega).

José Raúl Gómez Farto (Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT).

Manuel Nicolás Vázquez Varela (Sindicato Independente ANPE).

b) Ensino privado:

Obdulia Manso Cupeiro (Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT).

2º En representación de pais de alumnos, propostos polas confederacións de asociacións de pais de alumnos en proporción á súa representatividade:

a) Ensino público:

Olga Patiño Doval (Confederación Galega de APAs de Centros Públicos).

b) Ensino privado:

Xelasio Suárez Santiso (Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos).

3º En representación dos alumnos, propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción á súa representatividade:

Azucena Rodríguez Amoroso (Federación de Asociacións de Xoves Estudantes Galegos).

4º En representación do persoal de administración e servizos, propostos polas centrais sindicais máis representativas:

Ángeles Villarnovo Cova (Unión Xeral de Traballadores).

5º En representación de titulares de centros privados, designados polas organizacións empresarias correspondentes máis representativas:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado).

6º En representación das centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia:

Xosé Barral Sánchez (Comisións Obreiras).

7º En representación das organizacións empresariais, proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia:

José Luis Liñares Louzao.

8º En representación de profesores, propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia legalmente recoñecidos e en atención á súa representatividade:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica).

Mercedes Espiño Amil (Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica).

9º En representación da Administración educativa, designados pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria:

José Manuel Mouriz Cabalo.

Antonio Vázquez Vázquez.

Alfonso Guitián Álvarez.

10º En representación da Administración local, propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias:

Antonio Montero Fernández.

Julio Sayáns Bugallo.

Carlos López Crespo.

María Josefa Cebreiro Santos.

Evencio Ferrero Rodríguez.

11º En representación da universidade, proposto polo seu máximo órgano de goberno:

Miguel Anxo Santos Rego.

12º En representación de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostos pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria:

María Lourdes Montero Mesa.

13º En representación do Seminario de Estudos Galegos, proposto polo seu órgano de representación:

Antón Costa Rico.

14º En representación do Consello da Xuventude de Galicia, proposto polo seu órgano de representación:

María Dolores Rodríguez Amoroso.

#### *Disposición derradeira*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de novembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Resolución do 20 de novembro de 2006 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 7 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2006.*

O artigo 9 da Resolución do 7 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia e pola que se convocan as correspondentes

ao ano 2006, dispón que unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía, e finalidade.

Na súa virtude

**RESOLVO:**

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución desta secretaria xeral do 6 de outubro para a execución de proxectos de consolidación e fortalecemento das organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia, por un importe global de cento oitenta mil catrocentos dezaseis euros (180.416 €), nas contías, beneficiarios, finalidade e aplicación orzamentaria que se relaciona no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2006.

Por desconcentración (Decreto 44/2006)  
Santiago Gómez-Reino Lecoq  
Secretario xeral de Relacións Exteriores

**ANEXO**

| Nº expte. | Entidade solicitante                                                 | Denominación do proxecto                                         | Subvención concedida | Anualidade 2006 | Anualidade 2007 |
|-----------|----------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|----------------------|-----------------|-----------------|
| 2006/1    | Voluntariado social Rogas                                            | Fortalecemento das accións solidarias de Rogas e Intered media   | 19.860               | 12.000          | 7.860           |
| 2006/2    | Asociación Amarante para o Ecodesenvolvemento                        | Const. Amarante para fortalecer o modelo galego de solidariedade | 24.929               | 16.000          | 8.929           |
| 2006/4    | Asociación Solidariedade Internacional de Galicia                    | Fortalecemento do departamento de Comercio Xusto                 | 24.995               | 15.500          | 9.495           |
| 2006/6    | Implicadas no desenvolvemento                                        | Fortalecemento e formación estratéxica de IND                    | 25.000               | 16.000          | 9.000           |
| 2006/7    | Asociación Amigos da Terra Galicia-Xuventude                         | Consolidación de Amigos da Terra a través dun plan estratéxico   | 19.051               | 11.910          | 7.141           |
| 2006/8    | Enxeñaría sen Fronteiras                                             | Fortalecemento institucional de Enxeñaría sen Fronteiras-Galicia | 16.597               | 10.000          | 6.597           |
| 2006/9    | Ecos do sur                                                          | Programa de fortalecemento de Ecos do Sur: adaptación á LOPD     | 12.984               | 7.800           | 5.184           |
| 2006/10   | Asociación Cultural de Cooperación e Desenvolvemento A Cova da Terra | Centro de recursos Kandaharia en Lugo                            | 37.000               | 22.200          | 14.800          |
| Total     |                                                                      |                                                                  | 180.416              | 111.410         | 69.006          |

*Resolución do 20 de novembro de 2006 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 10 de maio de 2006, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2006.*

O artigo 9 da Resolución do 10 de maio de 2006, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2006, dispón que unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Dia-*

*rio Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario/a, contía, país de execución do proxecto e finalidade.

Na súa virtude,

**RESOLVO:**

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución desta secretaria xeral do 5 de setembro para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento, por un importe global de dous millóns setecentos seis mil novecentos sesenta euros (2.706.960 euros), nas contías, beneficiarios, finalidade, país de execución do proxecto e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2006.

Por desconcentración (Decreto 44/2006)  
Santiago Gómez-Reino Lecoq  
Secretario xeral de Relacións Exteriores